



ALOXAMENTOS RURAIS

# GALICIA DESTINO SEGURO

#SENTIDIÑO *Protexámonos a nós mesmos e aos que nos rodean*

## ANTES DE IR AO TRABALLO



### PERSOAS ESPECIALMENTE SENSIBLES

Coñecer que persoas traballadoras son especialmente sensibles á covid-19 e adoptar as medidas específicas para minimizar o risco de contaxio. No caso de dúbida consulte co servizo de prevención ou co seu médico.



### FEBRE OU CONTACTO CON PERSOAS INFECTADAS


Non ir traballar con febre (>37° C) ou síntomas da covid-19 ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.



### DESPLAZAMENTO AO TRABALLO

Faranse mellor de forma individual. Escoller as opcións de mobilidade que garantan a máxima distancia posible. En caso de compartir vehículo deberanse ter en conta as obrigas do uso de máscara.

## DISTANCIA DE SEGURIDADE



### NO SERVIZO

Establecer un número máximo de persoas ás que ofrecer os distintos servizos de maneira segura, nas actividades de animación ou clases grupais a capacidade será de 20 persoas. Na atención ao público, a distancia interpersonal será de 2 metros. De non ser posible, utilizarase máscara e/ou elementos de protección como pantallas de separación de metacrilato ou similares.



### NORMAS DE USO DAS INSTALACIÓNS

Establecer normas de uso para os distintos espazos compartidos, evitar sempre aglomeracións e respectar as distancias entre persoas. Limitar o uso de ascensor ou montacargas e a ocupación máxima dos aseos.



### ORGANIZAR ESPAZOS

Redistribuír os espazos, planificar tarefas e procesos de traballo para evitar coincidencia de persoas. Garantir a distancia de seguridade de 2 metros.



### CONTROL DA CAPACIDADE MÁXIMA

Controlar a capacidade autorizada para garantir a distancia de seguridade de 2 metros entre as persoas no interior dos edificios e nas zonas comúns. Respectar a distancia de seguridade durante a espera.

## HIXIENE E LIMPEZA



### LAVADO DE MANS

Facilitar o lavado frecuente das mans ou o uso de solucións desinfectantes. Lavalas sempre antes de poñer e logo de quitar as máscaras e as luvas.



### OLLOS, NARIZ E BOCA

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión, tamén cando se usen luvas e máscara.



### VÍAS RESPIRATORIAS

Cubrir as vías respiratorias cun pano desbotable ou co antebrazo ao tusir ou esberrar e desbotalo nun contedor con tapa, pedal e bolsa desbotable.



### PRESTACIÓN DO SERVIZO

Na limpeza e desinfección dos cuartos contemplar o aireado destes, a substitución de toallas e de lenzária de cama, definir unha sistemática para evitar a contaminación cruzada e introducir a roupa sucia en bolsas antes de depositala nos carros de limpeza que se limparán e desinfectarán tras cada cambio de quenda. Informarase o cliente do protocolo que se seguiu para a limpeza do cuarto.



### EVITAR COMPARTIR

Non compartir equipos de traballo ou dispositivos doutro persoal, de non ser posible, desinfectalos previamente. Desinfectar os obxectos de uso persoal.



### LIMPEZA E DESINFECCIÓN

Limpar e desinfectar as instalacións e locais, as superficies que se tocan con máis frecuencia e todos os obxectos que poden ser manipulados. Roupa de traballo: lavado regular seguindo o procedemento habitual a unha temperatura superior a 60° C, se non é posible utilizar aditivos para desinfectar. Lenzária e mantelaría: lavado a unha temperatura superior a 60° C.



### PRODUTOS

Contar con solucións desinfectantes en sitios accesibles para uso da clientela e papeleiras con tapa, pedal e bolsa substituíble. Dispoñer de produtos para a hixiene de mans do persoal e para a limpeza e desinfección do local.



### VENTILACIÓN

Ventilar periodicamente os locais, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Aqueles espazos pechados onde se vaian celebrar eventos, actividades de animación ou ximnasios deberán ventilarse dúas horas antes do seu uso.



### MÁSCARAS E LUVAS

Proporcionar medios de protección persoal cando así o indique o servizo de prevención de riscos laborais ou a autoridade sanitaria. Refugalos ou desinfectalos despois do uso de xeito correcto.

## MEDIDAS ORGANIZATIVAS



### SOSPEITA DA COVID-19

Ter previsto como actuar no caso dunha persoa con sospeita. Contactar sempre co centro de saúde ou chamar ao teléfono 900 400 116.



### CONTROL DE ACCESO

Fixar horarios para atender aos provedores e establecer as pautas de seguridade para a recollida da mercadería



### SINALIZAR

Sinalizar o chan do aloxamento onde se precise manter a distancia de seguridade.



### FOMENTAR OS MEDIOS ELECTRÓNICOS

Fomentar o uso de medios telemáticos para xestionar as reservas, a recepción de albarás e a emisión de facturas. Utilizar o pago con tarxeta ou móbil sempre que sexa posible.

